

**PROSPECCIÓN
ARQUEOLÓGICA NO
CASTRO DE ELVIÑA
(A CORUÑA)**

Código CJ102A 98/52-O

**Memoria técnica
abril, 1998**



FICHA TÉCNICA

- **INTERVENCIÓN:** Prospección arqueolóxica
- **ORGANISMO PROMOTOR:** Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- **DATA DE AUTORIZACIÓN:** 3 de abril de 1998 (nº de rexistro 2.434)
- **CLAVE IDENTIFICATIVA:** CJ102A 98/52-O
- **DATAS REALIZACIÓN:** 8 e 9 de abril de 1998
- **ARQUEÓLOGO:** Víctor Tomás Botella

ÍNDICE

SITUACIÓN.....	3
ANTECEDENTES	6
DESCRICIÓN.....	10
ESTADO DE CONSERVACIÓN.....	18
VALORACIÓN PATRIMONIAL	25
BIBLIOGRAFÍA.....	27
DELIMITACIÓN	31
RELACIÓN DE PARCELAS	42

SITUACIÓN

1. SITUACIÓN

O Castro de Elviña sitúase a carón do lugar de Castro, na parroquia de San Vicente de Elviña, no concello de A Coruña. Os lugares a el máis cercanos son, asemade do propio lugar de Castro (200 m. ó seu SL), os de Mesoiro (650 m. ó O) e Feáns (1.100 m. ó SO).

O acceso principal desde a capital municipal se realiza a través da estrada N-VI (Avda. de Alfonso Molina), onde se toma o desvío ó lugar de Castro no punto quilométrico 2,200. Desde aquí se accede ó xacemento por un camiño antigo que desde este lugar se dirixe a Mesoiro e pasa pola base sul do montículo onde se empraza.

As súas coordenadas xeográficas, segundo a folla 45-12 do mapa a escala 1:10.000 da C.O.T.O.P. son:

Latitude N: 43° 19' 57"

Lonxitude O: 8° 24' 55"


As coordenadas U.T.M. segundo a mesma fonte:

X: 547.430

Y: 4.797.960

Emprázase nun montículo ou coto de 115 m. s.n.m., que fisiograficamente pode interpretarse como un relevo asociado ós veciños Montes da Zapateira, espolón terminal que domina o acceso á península coruñesa desde as terras do interior.

Conxuntamente a este carácter estratéxico, a súa ubicación aproveita a proximidade a terras de vocación agrícola, ocupando a franxa que delimita o monte e o seu espacio económico coas terras de labor. Neste senso, cara ó leste, o xacemento se estende por terrazas de cultivo ben estruturadas e comunicadas coa área coñecida de habitación.



CASTRO DE ELVIÑA
VISTA AÉREA

ANTECEDENTES

2. ANTECEDENTES

O Castro de Elviña é un dos xacementos que sentou as bases do coñecemento arqueolóxico do período castrexo na comunidade galega, debido á importancia dos achádegos que proporcionou na súa investigación e a pesares do reducido da área escavada en relación ás dimensións totais do xacemento.

A súa historia como xacemento coñecido pode periodizarse en diferentes fases:

Fase de escavación: No ano 1947 xurde a iniciativa de explorar o xacemento dos profesores da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, D. Luis Monteagudo García e D. Salvador Parga Pondal, para o que se consegue a preceptiva autorización da *Jefatura da Sección de Arqueología* do Ministerio de Educación o 6 de agosto deste mesmo ano, realizándose os traballos de escavación do 1 ó 24 de setembro baixo a dirección do nomeado D. Luis Monteagudo, comisionado pola Universidade, e de D. José María Luengo, Comisario Provincial de Bellas Artes, contando coa colaboración económica do Concello de A Coruña.

Esta primeira fase, que vai prolongarse ata o ano 1953, centra os seus obxectivos nas ladeiras leste e sul do castro, ó pé da liña de muralla que pecha a croa, nos terreos coñecidos como A Cabaxe. Ó longo destas campañas son exhumadas as distintas estruturas hoxe coñecidas (murallas, "Templo do ídolo fálico", "Casa da Exedra", alxibe...) e recuperado o material máis espectacular, caso do Tesouro, achado o día 28 de agosto de 1953 na denominada casa nº 24 (LUENGO, 1956).

Os resultados destes anos de escavacións foron publicados por D. José María Luengo no *Noticario Arqueológico Hispano* do ano 1956, onde se describen as estruturas e materiais e se inclúe entre a documentación gráfica un croquis do xacemento e un plano topográfico da área escavada.

Fase de consolidación do xacemento: Como consecuencia destas campañas de escavación, que tan bós resultados depararon, e das xestións realizadas polo mesmo D. José María Luengo, o xacemento arqueolóxico gaña un gran protagonismo a nivel nacional e se pon as bases para a súa consolidación como punto de referencia do pasado da cidade.

- No ano 1957, se celebran en A Coruña o "*III Congreso Nacional de Arqueología de Campo*" e o "*I Congreso Nacional de Ciencias del Hombre*". Para servir de marco a estes encontros se reconstruíron algunhas construcións do xacemento como punto de partida para a

creación dun "parque arqueolóxico", proxecto que foi abortado pola morte do alcalde Alfonso Molina, quen tiña ben recibida a idea.

- No ano 1962, o Castro de Elviña é declarado, tra-la tramitación do correspondente expediente pola Comisión de Monumentos, *Monumento Histórico-Artístico* a través do decreto 1758/1962, de 5 de xullo, recoñecemento que vai propiciar a súa conservación ata nosos días, a salvo da amenazadora expansión da cidade.
- O 5 de outubro de 1968 inaugúrase o Museo Arqueolóxico e Histórico "Castelo de San Antón" na cidade de A Coruña, promovido polo que foi o seu primeiro director D. José M^a Luengo, lugar de exhibición e depósito dos materiais arqueolóxicos do xacemento.


Nembargantes, estas iniciativas non ten o seu refreixo na continuación do realizado no propio xacemento, que fica nun estado de total abandono, convertíndose nunha verdadeira ruiña, como faino constar o seu antigo investigador no ano 1975 (LUENGO, 1975).

Fase de revisión: A finais da década dos 70, o Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón, dirixido desde estes anos por D. Felipe Senén López Gómez, introduce na programación desta institución unha serie de actuacións tendentes a recuperación do xacemento, garantir a súa vixencia, consolidar as súas estruturas e revisar os seus primeiros estudos á luz das novas perspectivas investigadoras (López Gómez, F., 1991).

Esta nova fase ten comezo no ano 1979, realizándose a limpeza e consolidación das áreas escavadas e a preparación do que se recoñece como necesidade fundamental para a proxección de novos traballos: a expropiación dos terreos afectados polo xacemento.

Ó longo de cinco anos de campañas foron limpadas e consolidadas as diversas estruturas xa exhumadas (fonte-alxibe, "Templo do ídolo-fálico"...) e revisada a escavación da "Casa da exedra" e das murallas, acadándose as conclusións científicas hoxe vixentes.

A non consecución do obxectivo proposto, a expropiación e mantemento do sector escavado, non permitiu a continuación dos traballos, encontrándose nunha nova fase de abandono do xacemento que chega á actualidade, coa ruiña do consolidade nesta fase e a invasión da vexetación arbustiva e rastrera da superficie total do xacemento, que impide a visita do mesmo.



PLANO PUBLICADO POR J.Mª LUENGO (1956)

DESCRIPCIÓN

3. DESCRICIÓN

O xacemento do Castro de Elviña responde a tipoloxía acostumada nos poboados fortificados da cultura castrexa, do que ben vale como prototipo.

A súa ubicación, de sentido carácter estratéxico, vese completado por unhas estruturas defensivas complexas aínda non recoñecidas na súa totalidade nin suficientemente documentadas graficamente. No seu contorno, cara ó leste e oeste, o terreo está articulado en terrazas de cultivo que, conforme o sinalado por Bouhier (BOUHIER, 1972), poderían responder a unha compartimentación do espacio agrícola dunha gran antigüidade, mesmo deste momento.

Ocupa un relevo pedregoso de natureza granítica, con afloramentos visibles en toda a súa superficie, que configuran unha croa resaltada e cortan a súa continuidade coa ladeira inflexionándoa en moitos puntos e contribuíndo ó afán defensivo, como deixa entrever a mesma toponimia presente: *coto*, *curuto*, *pico-tos*, *torres*, *pedra do asno*...

O sistema defensivo é complexo e adáptase á forma xeral ovoide do montículo, reforzándose naqueles puntos de menor rigorosidade topográfica. Pódense observar varios recintos e defensas:

Croa: É, obviamente, a parte máis elevada do xacemento e supón unha superficie de 7.522 m², mal nivelada, cun gran afloramento rochoso central que lle fai ter perfil abombado. Está cinguido por unha muralla ancha (4 m.), realizada con mamposto ordinario e banquetas intermedia de cimentación. Nela se abre, no ángulo SL., un acceso flanqueado por torreón de cubo redondo adosado, que deixa un paso estreito e utiliza escaleira e rampa para salvar os desniveis.

Descoñecemos se foi lugar de habitación, pois non escavouse, pero a forte defensa con que conta fai presumir que debeu selo, polo menos en caso de necesidade. Sen poder precisar o resguardo que lle prestasen as murallas, é a zona máis exposta ós ventos do norte e oeste.

O seu acceso realízase pola primeira terraza, non existindo un acceso directo desde o exterior do castro.

Primeira terraza: Esténdese polo O, S e L baixo da croa. Está defendida por unha muralla de 1,5 m. de anchura, semellante na súa factura á da acrópolis, gañando largura na zona sul onde foron descubertas construcións. Esta terraza, ben marcada no sul e oeste, vai descendendo suavemente de cota cara ó leste e se une á segunda terraza para desembocar conxuntamente a esta na entrada aberta na muralla da acrópolis. No sul, e baixo o corte do terreo que serve de liña a

muralla alta, apoiadas na rocha na que cimenta, se sitúan as construcións nº 14 e 15 do plano de Luengo (LUENGO, 1956).

Segunda terraza: Cun perfil en suave pendente cara ó S e L, baixo a anterior discorre unha segunda terraza de meirande largura, que serve de chanzo á ladeira sul do castro. Non se observa unha defensa de muralla en superficie, pero si é nidio o terraplén nesta dirección, que debe agachar unha estrutura artificial. Por esta terraza discorre o camiño de entrada á acrópolis, que ascende en curva desde o leste e desemboca na entrada aberta na muralla por riba das distintas construcións presentes nesta plataforma, accedéndose á "Casa da exedra" e á construción nº 1 por medio dunha escaleira ó cortarse a comunicación coa zona sul pola presenza do "Templo do ídolo fálico" e o torreón da porta de entrada, que ocupan o estreito paso entre ambos sectores.

A ladeira sul, a mellor coñecida arqueoloxicamente pola súa superficie escavada, é a zona do xacemento máis apta para a habitación, pola súa mellor exposición ó sol e o resguardo dos ventos fríos que lle presta o resalte da croa baixo a que se sitúa. A diferenza de cota, fai que a ladeira leste fiquen tamén resgardada baixo daquela, polo que igualmente goza de boas condicións para a súa ocupación.

Cara o oeste, as terrazas descritas adquiren un meirande desenvolvemento, formando dúas amplas plataformas semicirculares en suave pendente ailladas por unha pequena muralla artificial que se adapta no seu trazado á disposición do terreo. Descoñécese a finalidade deste espazo, aínda que polas súas características debe tratarse dunha zona de habitación semellante á da ladeira sul. Da acrópolis está ben aillada pola muralla desta, aínda que se adiviña unha comunicación entre ambas zonas no ángulo SO, onde anchea, formando un torreón.

Polo descrito, o xacemento se articula defensivamente a través de tres liñas de muralla de oeste a leste, que conforman a acrópolis e as terrazas devanditas, confluindo nunha soa liña na ladeira norte, onde presenta unha meirande defensa natural polas súas características topográficas. Neste punto a altura e desnivel do montículo onde se sitúa son máis acusados e o terreo que o rodea máis abrupto (Montes da Zapateira, Poupurón...).

En relación co seu entorno, o xacemento ábrese ás terras de cultivo existentes ó seu S e L, terreos ós que se accede desde a acrópolis por camiños antigos ("chemins fossiles" de BOUHIER), puidéndose apreciar na vertente oriental unha sucesión de bancales de cultivo ben estruturados e murados seguindo as liñas de nivel, que denotan a súa antigüidade e que mesmo poderían ser contemporáneas ó momento castrexo. Topónimos como *maceiras*, *viña*, *sobrado*, *cortiña*, *souto* e *grelas* indícanos a súa explotación tradicional.

Outro camiño pasa pola base do castro recorréndoa polo sul e oeste, dis-corrando baixo as terrazas deste último sector e dirixíndose ás parcelas coñeci-das como *fontenla*, puidendo tratarse do acceso a un aprovisionamento de auga ó tempo que as terras de cultivo e pastos que por aquí se sitúan, como semella indi-ca-lo topónimo *gándara*.

No que respecta os achádegos realizados durante as escavacións realizadas nas diferentes fases da súa historia, son de salientar:

Estructuras monumentais:

Estructuras defensivas: Foi escavada, por tramos, a muralla que pecha o recinto superior ou acrópolis, documentándose unha porta flanqueada por cubos redondos, estruturada nun estreito paso transversal en escaleiras e rampa, dunha gran monumentalidade. Actualmente están á vista, ademais desta entrada, o tramo sul e unha porción do oeste. Neste mesmo conxunto se inclúe a chamada "Garita do centinela" (LUENGO, 1956).

Estructuras domésticas: Nas terrazas sul e leste foron descubertas un con-xunto de edificacións de formas redondas, cuadradas, rectangulares e mixtas con presenza de superposicións e replantexamentos constructivos, que documentan as distintas fases culturais do poboado. Algunhas das edificacións presentan ves-tíbulo e lareira arquitectónica e, nun caso, paredes revocadas no interior ("Casa da exedra"), o que amosa un asentamento ben desenvolvido.

Estructuras comunais: Foi escavada unha cisterna ou fonte alxibe de 12 m. de lonxitude e de 5,33 m. de profundidade, que abastecía de auga ó poboado recollendo as augas sobterráns.

Estructuras relixiosas: Como templo foi interpretada unha construción de planta mixta curvo-recta ("Templo do ídolo fálico") (LUENGO, 1956).

Estructuras funerarias: Unha tumba con cuberta de tégalas foi documen-tada na segunda terraza, baixo a muralla (LUENGO, 1956), único resto con este carácter. Unha tumba con cuberta de tégalas foi documentada na segunda terra-za, baixo a muralla (LUENGO, 1956), único resto con este carácter.

Materiais arqueolóxicos:

Tesouro de Elviña: Conxunto de xoias de ouro formado por unha diadema, unha gargantilla e un colgante de doas, aparecido como "tesourillo" agachado baixo o pavimento da construción nº 24 (LUENGO, 1956; 1976) (MONTEA-GUDO, 1954).

Moedas: Durante a primeira fase de escavacións foron recuperadas tres moedas:

- Bronce de Augusto
- Bronce de Tiberio
- As de Tiberio

Epigrafa: Plaquilha de lousa con epígrafe votivo interpretado como: "Tivigvnevs enianvi ex uso sva" (LUENGO, 1956).

Xunto a estes materiais salientables, foi igualmente documentado un conxunto ergolóxico que define a grandes rasgos o xacemento, puidendo salientarse entre eles a cerámica como material arqueolóxico contextualizador.

Cerámica indíxena: Numerosos fragmentos con decoracións a base de incisións, estampillado ou impresión e o bruñido reticulado, "que en Elviña faise representativo" (LÓPEZ GÓMEZ, 1991).


Cerámica romana: Foron recuperados un número significativo, aínda que non abondoso, de fragmentos de cerámica romana común (pratos, fontes...) e fina, particularmente "terra sigillata" de alfares hispánicos centrables no s. I d.C. (CAAMAÑO, 1980), pero con presenza de imitacións campanienses que representan influencias anteriores á cronoloxía devandita, retrotraéndoa ó s. I a.C.

Xunto ós achados cerámicos hai que facer mención a un extenso catálogo de restos que caracterizan os oficios e actividades económicas dos poboadores do asentamento (metalurxia, carpintería, orfebrería, tecería...), así como os seus costumes e usos, nunha clara mestura de tradicións indíxenas e importacións romanas, non faltando indicios claros de actividade comercial que tería como lugar de entrada as veciñas costas coruñesas, coa existencia, máis que probable, cun porto na actual cidade de A Coruña.

Consideracións culturais e cronolóxicas

Polo coñecido ata o momento respecto deste xacemento, os investigadores que nel traballaron nas diferentes fases, en base a falta de estratigrafía detectada e os materiais documentados, definen o xacemento como un poboado indíxena castrexo tempranamente romanizado no s. I a.C. e que prolonga a súa vida ata o s. II d.C., coincidindo en sinalar que a súa monumentalidade defensiva é debida á influencia romana, sendo as súas murallas coñecidas obra tardía da súa pervivencia, puidendo substituír outras máis febles non pétreas.

Culturalmente, e dentro do mundo castrexo, é incluído na órbita dos castros costeiros galegos, cos que coincide na súa temprana romanización e no seu tamén temprano abandono, quizais en beneficio de outras entidades de poboación dunha meirande importancia e xa plenamente romanizadas (LÓPEZ GÓMEZ, F.S., 1991). Estaríamos, pois, diante dun xacemento representativo do fondo cambio cultural que sofre a área occidental peninsular ó redor do cambio de Era, que pode proporcionar claves para o entendemento desta evolución e das influencias concretas que a fixeron inevitable, tendo a posibilidade de relacionala co nacemento da veciña cidade romana de A Coruña, de plausible identificación coa Brigantium ou Brigantia de Ptolomeo.



Castro de Elviña
Estructuras consolidadas



VISTAS PARCIAIS DO CASTRO DE ELVIÑA DESDE O SUL





LENZO DE MURALLA VISIBLO Ó SL DA ACRÓPOLIS



TORREÓN CURVO NO ACCESO ACRÓPOLIS

ESTADO DE CONSERVACIÓN

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN

Trala última campaña realizada no xacemento no ano 1985, este entra nunha fase de abandono que se prolonga ata a actualidade. Neste tempo son varias as alteracións que lle afectaron, acadando un estado que, aínda que difícil de valorar neste momento pola imposibilidade de observalo con detalle dada a cuberta vexetal que o cubre, podemos calificar como de **pouco alterado**, aínda que deficiente.

A cuberta vexetal agacha o xacemento en gran medida, imposibilitando a deambulación do mesmo, unicamente posible a zonas específicas por sendeiros entre os matos abertos por visitantes asiduos ó mesmo.

O acceso á croa ou acrópolis unicamente é posible a partir da terraza superior oeste, por riba da muralla que a pecha neste sector, sendo visible un corto tramo da mesma; desde este punto é igualmente posible descender ás terrazas, aínda que a mobilidade eino só polos sendeiros existentes, coa visibilidade moi reducida polo alto da cuberta vexetal que as cubre.

Ó sector leste debe accederse subindo o terraplén da muralla desde a súa base, a partir dun camiño de servidume que transcorre ó seu pé. Deste xeito pode accederse ó sector escavado da muralla, apreciándose o torreón curvo que protexe a entrada e un tramo duns 3 m. da mesma, así como parcialmente a chamada "casa da exedra" (LUENGO, 1956, N° 3). Non é posible desde este punto achegarse ó sector sul, estando incomunicados pola vexetación.

Ó sector sul chégase polo camiño de acceso principal, que vai desembocar na casa nº 15 (LUENGO, 1956), a única visible na súa totalidade, apreciándose a caída de varias pedras da súa entrada que aínda permanecen ó seu carón; este deterioro é explicable por se-los muros desta estrutura actualmente paso necesario para o acceso á acrópolis. Parcialmente, é posible vislumbrar a casa nº 24 (casa do tesouro) e a "Fonte-alxibe", moi cubertas de vexetación, estando totalmente agachadas baixo a mesma o resto de construcións deste sector.

Como consecuencia disto, non é aconsellable a visita ó xacemento, a pesares de figurar en numerosas guías turísticas e ser coidado como xacemento visitable da Comunidade Autónoma de Galicia (Xunta de Galicia, 1995), non só pola imposibilidade de cumprir coa súa finalidade divulgativa e/ou didáctica presumible, senón polo potencial perigo que entraña cara os visitantes que descoñezan o xacemento.

A existencia desta cuberta vexetal está, ó tempo, provocando danos nas estruturas consolidadas, dado o seu medre sobor dos muros, entre as súas

pedras, e o grosor que están a gañar, sendo especialmente salientable este feito na zona do "Templo do ídolo fálico", inaccesible, pero onde pode observarse unha vexetación arbustiva leñosa de bó desenvolvemento. É tamén de salientarse o dano que poden provocar os cultivos arbóreos (eucalipto) na croa e ladeiras dos sectores oeste e leste, que en parte invaden as murallas do xacemento e cujas raíces deben de estar afectando á fábrica dos muros. A este impacto negativo pode contraponerse o feito de que estas mesmas árbores están fixando o terreo e evitando o corremento das derrubas destas murallas.

Este mesmo carácter dual pode atribuírse ás derrubas visibles en superficie da muralla da croa no sector oeste, que se ben supón un desmochamento desta estrutura, ten reenchido as zonas de antigo descubertas en escavación e supón un reforzamento do conservado. Non así ocorre nos lenzos da muralla do fronte sul, practicamente desaparecidos en superficie.

É posible que en algúns aspectos o xacemento haxa acadado un punto de estabilidade no seu proceso de deterioro, pero a continuidade desta situación de abandono pode por en perigo especialmente as estruturas escavadas, que, agás a casa nº 15, semellan en bo estado de conservación no consolidado, pero que a vexetación e o mesmo paso do tempo poden derrubar, especialmente a "fontexibe", por riba de cujos muros hai que pasar para tentar acceder ó sector leste.

No que respecta ó impacto do vandalismo ou furtivismo, no é apreciable. Obsérvanse algunhas escavacións non rematadas de pequena superficie ó longo das terrazas, pero semella tratarse de sondaxes realizadas en fase de escavación que non deron resultados e ficaron sen tapar axeitadamente, supoñendo hoxe un perigo para o tránsito polo xacemento, que no sector leste da croa se ten que facer por estreita testemuña de 0,5 m. de largura e practicamente sen visibilidade.

Neste senso é de salientarse a ocupación do xacemento por grupos de xóvenes ou rapaces que ten situado na croa "casetas" de refuxio ou xogo dunha certa entidade, aínda que non semellan afectar ó subsolo do mesmo; son tamén frecuentes os restos de fogueiras realizadas con círculos de pedras e mesmo pode observarse un paravento realizado con pedras recollidas na superficie dos numerosos "milladoiros" aínda presentes ó longo da súa superficie.



ESTADO ACTUAL DA ACRÓPOLIS





VISTA EN SUPERFICIE DA
MURALLA NO SECTOR
OESTE



DERRUBE DA MURALLA NO SECTOR OESTE



VISTA XERAL DA CONSTRUCCIÓN Nº 15 DE LUENGO



PEDRAS CAÍDAS NO UMBRAL DA MESMA CONSTRUCCIÓN



ESTADO ACTUAL DA FONTE-ALXIBE



VISTA PARCIAL DA "CASA DA EXEDRA"

VALORACIÓN PATRIMONIAL

5. VALORACIÓN PATRIMONIAL

O xacemento arqueolóxico Castro de Elviña, asemade da importancia científica que se desprende das investigacións en el realizadas, comezadas fai 50 anos, conta cunha serie de características que lle fan gañar unha salientable importancia patrimonial:

1º A súa calidade de Monumento Histórico-Artístico desde o ano 1962, que contribuíu á preservación da súa integridade.

2º A súa cercanía coa cidade de A Coruña (3 Qm.), da que é referencia do seu pasado, contando cunha área metropolitana de unha gran densidade de poboación, que o potencia como xacemento visitable.

3º A veciñanza co campus universitario de A Coruña, que o inclúe dentro dun ámbito que permite salientar o seu carácter didáctico.

4º O seu doado acceso, estando situado nunha área urbana ben comunicada por transporte público.

5º O feito de contar unha área xa excavada e consolidada, que facilita o seu tratamento como centro de interpretación histórica.

6º A existencia dunha bibliografía numerosa sobre o xacemento, que permite a divulgación dos seus datos básicos.

7º A existencia dunha sá permanentemente a el adicada no Museo Arqueolóxico e Histórico “Castelo de San Antón” de A Coruña, dunha gran afluencia de público foráneo, que debe servir de inicio e remate da súa visita.

A Coruña, 23 de abril de 1998-04-22



Snado. Víctor Tomás Botella.

BIBLIOGRAFÍA

6. BIBLIOGRAFÍA

Divulgativa:

BARREIRO FERNÁNDEZ, J.R. *Historia de la ciudad de La Coruña.* Biblioteca Gallega. A Coruña, (1986). Pp. 44-46

BELLO DIÉGUEZ, J.M^a. *La Coruña antes de Roma: el mundo castrexo.* Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en la Coruña. Ayuntamiento de La Coruña, (1991). P. 49.

BELLO DIÉGUEZ, J.M^a. *La Coruña antes de Roma.* Prehistoria. Biblioteca coruñesa. Vía Láctea Editorial. Oleiros (A Coruña), (1994). Pp. 74-78.

FARIÑA BUSTO, F. *Tesouro de Elviña.* Galicia no Tempo (Catálogo da exposición). Madrid, (1990). P. 146.

LÓPEZ GÓMEZ, F.S. *O Castro de Elviña.* Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en La Coruña. Ayuntamiento de La Coruña, (1991). Pp. 7-14.

LUENGO MARTÍNEZ, J.M^a. *La fuente-algibe del Castro Céltico de Elviña.* Revista José Cornide, nº 1. A Coruña, (1965).

LUENGO MARTÍNEZ, J.M^a. *El Castro Celta de Elviña.* La Coruña. Paraíso del turismo. A Coruña, (1975).

GARCÍA MARTÍNEZ, C. *Prehistoria.* Galicia Eterna, vol. 1. Editorial Nauta. Barcelona, (1984). Pp. 51-53.

GONZÁLEZ GARCÉS, M. *Historia de La Coruña.* Caixa Galicia. A Coruña (1987). Pp. 29-36.

PÉREZ OUTEIRIÑO, B. *Orfebrería castrexa.* El oro en la España Prerromana. Revista de Arqueología. Madrid, (1989). Pp. 91, 98 e 99.

ROMERO MASIÁ, A.M. *Voz "Elviña, castro de".* Gran Enciclopedia Gallega, vol. X. Vitoria, (1974). Pp. 4-5.

XUNTA DE GALICIA. *A administración do Patrimonio Arqueolóxico en Galicia.* Santiago, (1995). P. 19.

Científica:

BLANCO FREIJEIRO, A. *Origen y relaciones de la orfebrería castreña.* Cuadernos del Seminario de Estudios Gallegos, vol. XII. Santiago, (1957). Pp. 5-28; 137-157; 267-301.

CAAMAÑO GESTO, J.M. *Cerámica romana procedente del Castro de Elviña (A Coruña) y de Ciudadela (Sobrado dos Monxes-A Coruña).* Rev. Brigantium, vol. 1. A Coruña, (1980). Pp. 131-138.

CAVADA NIETO, M. *Hallazgos monetarios en castros de Galicia.* Boletín del Seminario de Arte y Arqueología, vol. XXXVIII. Valladolid, (1972). P. 213.

LUENGO MARTÍNEZ, J.M^a. *Noticia sobre las excavaciones del Castro de Elviña (La Coruña).* Noticiario Arqueológico Hispano, vol. III-IV. Madrid, (1956). Pp. 90-101.

LUENGO MARTÍNEZ, J.M^a. *El Tesoro de Elviña y tres torques coruñeses.* Trabajos de Prehistoria, vol. 36. Instituto Español de Prehistoria (C.S.I.C.). Madrid, (1979). Pp. 213-239.

MONTEAGUDO GARCÍA, L. *Las joyas del Castro de Elviña (La Coruña) y soluciones museológicas generales.* Archivo Español de Arqueología, vol. XXVII, nº 89-90. Madrid, (1954). Pp. 236-246.

MONTEAGUDO GARCÍA, L. *Castro de Elviña (La Coruña). 1ª campaña de excavaciones (1947).* Anuario Brigantino, nº 13 (1990). Pp. 11-26.

NAVEIRO, J. e LÓPEZ, F.S. *Introducción ao estudo da historia do tecido na cultura castrexa: as fusaiolas.* Rev. Gallaecia, vol. 9/10. Sada (A Coruña), (1987). Pp. 61-95.

PÉREZ OUTEIRIÑO, B. *Os ornitomorfos no conxunto dos motivos decorativos da orfebrería castrexa.* Boletín Auriense, vol. X. Vigo, (1980). Pp. 9-24.

Novas e referencias:

BOUHIER, A. *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire.* Tome II. La Roche-sur-Yon (Vendée), (1979). P. 1345 e fig. 145.

CASTILLO, A. del. *Inventario monumental y artístico de Galicia.* Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, (1987). P. 178.

El Pensamiento Astorgano. *Un astorgano halla un tesoro en un castro gallego.* Astorga (14-11-1953).

FERNÁNDEZ MÉNDEZ, J. *Un tesoro hallado en el castro de Elviña.* El Ideal Gallego. A Coruña (12-11-1953).

GONZÁLEZ-CEBRIÁN TELLO, X., F. DE CALEYA B., X. *Planeamento urbanístico da Universidade de A Coruña.* Rev. Obradoiro nº 18. C.O.A.G. A Coruña, (1991). Pp. 46 e 47.

LÓPEZ GÓMEZ, F.S. *Arqueoloxía submariña: Os materiais procedentes da badía coruñesa.* Rev. Brigantium, vol. 1. A Coruña, (1980). P. 152.

LÓPEZ GÓMEZ, F.S. *Museos de A Coruña. Museo Arqueolóxico e Histórico "Castelo de San Antón".* El Ideal Gallego. Madrid, (1997). P. 97.

MARTÍNEZ GARCÍA, J.A. *A Coruña. De los orígenes al medievo.* El Ideal Gallego. Madrid, (1996). P. 12.

SUEIRO, J.V. *Ha sido hallado un tesoro en el castro gallego de Elviña.* Semana. Madrid (22-12-1953).

T.A. *A las puertas de La Coruña. Hallazgo de un tesoro arqueológico con veinte siglos de antigüedad en el castro de Elviña.* Diario de Barcelona. Barcelona (27-11-1953).

VALADRÓN CÁNOVAS. *Coruña: hallazgo de un tesoro arqueológico.* La Vanguardia Española. Barcelona (8-12-1953).

DELIMITACIÓN

7. DELIMITACIÓN

A proposta de protección da que deberá gozar o xacemento arqueolóxico "Castro de Elviña" se establece a partir de dúas áreas concéntricas: *Zona do castro* ou do xacemento e *Contorno de protección*. A delineación destas áreas é realizada a partir de dous criterios básicos:

1. Salvagarda do xacemento e dos posibles restos arqueolóxicos existentes no seu entorno próximo, evitando calquera alteración que supoña perda da súa integridade superficial e da do seu subsolo.
2. Desde un punto de vista patrimonial, se establece, igualmente, a protección dos elementos naturais e accidentes que conforman o seu contorno, a fin de que fique vixente a relación coa súa área territorial, evitando impactos visuais que o descontextualizen respecto daquela. Dentro deste criterio se inclúe a conservación de camiños vencellados ó xacemento ó longo da súa historia.

ZONIFICACIÓN

Castro de Elviña: Comprende a superficie do poboado e delimitase a partir dos elementos máis exteriores a el vencellados.

- *O sector Norte do xacemento toma como referencia a base da defensa (muralla) hoxe visible, delimitándose a partir do camiño de servizo que accede por este punto ata o lugar de Mesoiro.*

1 ⇒ 2 Desde o vértice NO da parcela 703-a percorre o límite O da 695, continuando polas lindes sul das 490, 489, 488, 487 e 485, chegando e atravesando o camiño Castro-O Martinete en liña recta ó punto 2.

- *O sector leste adáptase ó trazado do camiño devandito (Castro-O Martinete), incluíndoo no seu ámbito. Éste, en gran parte do seu trazado, se corresponde cun dos camiños fósiles ("chemíns fossiles") que Bouhier (BOUHIER, 1972) vencella ó xacemento en relación coas súas posibles terras de explotación directa.*

2 ⇒ 3 Desde a prolongación en liña recta da linde norte da parcela 484 á beira oeste do camiño, a delimitación sinalada segue o trazado do mesmo ata o seu punto de unión co camiño Castro-Mesoiro.

- *O sector sul ven delimitado por un camiño antigo, rocha en firme, de servio de fincas, o que inclúe, adaptándose posteriormente unha vez perdido éste, ás lindes das fincas ata cruzar o camiño Castro-Mesoiro (divisoria dos polígonos catastrais 6 e 7), que rodea o xacemento polo sul, e chegar ó vértice SO da parcela 704.*

3⇒4 Desde a unión do camiño Castro-O Martinete co Castro-Mesoiro (lugar de Castro), a delimitación se adapta ó camiño de servio que xurde deste último máis ó sul, incluíndoo ata a metade da parcela 349 (P. 7) e de aquí en liña recta segue a linde sul das 361-b, 364, 365, 364 e 366, chegando novamente ó camiño Castro-Mesoiro, que cruza e segue ata o vértice SO da parcela 704.

- *O sector oeste toma como referencia as dúas terrazas que nesta orientación descenden desde a croa do xacemento.*

4⇒1 Desde o vértice SO da parcela 704, se adapta ó límite oeste das 703-b e 703-a, cerrando a delimitación no punto 1.

Contorno de protección: Comprende un área concéntrica exterior á anterior, configurada para asegurar a conservación de posibles restos vencellados non visibles superficialmente e evitar impactos visuais que distorsionen a interpretación do xacemento.

- *A banda norte percorre a zona alta dunha pequena dorsal de altura máxima 94 m. s.n.m., que ailla ó área do xacemento dos lugares de Poupurón e Mesoiro, enlazando co límite do actual Campus Universitario de A Coruña.*

1⇒2 Desde o vértice NO da parcela 678 segue á linde norte das 679, 680, 491, 494 e 497, cruzando neste punto o camiño Castro-O Martinete e seguindo o límite norte da parcela 376 ata o seu vértice NL (punto 2).

- *A banda leste adáptase ó límite actual máis externo das terrazas de cultivo de configuración antiga que rodean ó xacemento nesta orientación, marcando o deslinde co campus universitario e o núcleo urbán de Castro.*

2⇒3 Desde o vértice NL da parcela 376, seguindo o límite leste da mesma en dirección sul, percorrendo este mesmo límite da 377 e 383 ata a súa confluencia coa 389, adaptándose á súa linde norte e continuando pola 390, tomando novamente dirección sul no límite leste da mesma a través das 392 e


394, onde se aliña coa beira oeste do camiño de servicio ata o lugar de Castro. Torce no vértice SL da parcela 413 cara ó oeste pola súa linde norte, cruzando, ó remate desta finca, o camiño que ven da N-VI e bordeando o núcleo de Castro pola linde leste da parcela 139, a partir da cal ciñe por este mesmo límite as 940, 159, 162, 163 e 164, seguindo á 165 ata o contacto coa 109, onde torce cara ó leste ata o camiño de servicio que cruza ésta, adaptándose ó mesmo ata confluír no "Camiño da costa" (Castro-A Zapateira), que segue, sen incluír, ata o vértice SO da parcela 107 (punto 3).

- *A banda sul percorre as alturas de O Castelo, que supón as derradeiras estribacións dos Montes da Zapateira, supoñendo unha barreira natural da área de dominio visual do xacemento.*



3 → 4 Desde a parcela 107, a liña de delimitación segue o trazado do camiño que percorre cara ó oeste os cumes destes montes, servindo de linde sul as parcelas 166, 167, 168, 179 e 178, confluíndo no vértice SO desta última con outro camiño de orientación N-S, que cruza, seguindo a continuación o límite oeste das parcelas 176 e 174 ata a linde coa 297, adaptándose á mesma ata o camiño de Feáns, o que vai seguindo ata o vértice SL da parcela 946 (punto 4).

- *A banda oeste transcurre por terreos chaos ("gándara") e húmidos adaptándose, en liñas xerais, á rede de camiños antigos que por aquí atravesan.*


4 → 1 Desde o punto 3 segue a liña de linde sul desta parcela ata o seu vértice SO, onde encara ó norte seguindo o límite oeste das parcelas 946, 945, 944, 943, 942 e 941, enlazando nesta coa 307, cuio límite oeste toma como trazado, continuando polo mesmo das 308, 309, 310 e 389, cruzando aquí o camiño a Feáns de Mesoiro, ó que a continuación se ciñe pola súa beira leste, desembocando no de servicio que pasa polo norte do xacemento, en cuia confluencia o cruza, dirixíndoo cara ó norte e seguindo o límite oeste das parcelas 687, 686 e 678 ata o punto 1.



CASTRO DE ELVIÑA
MAPA E. 1:10.000 (C.OT.O.P)
FOLLA 45-12

-  **CASTRO DE ELVIÑA**
-  **CONTORNO DE PROTECCIÓN**





CASTRO DE ELVIÑA
DELIMITACIÓN SOBOR MAPA TOPOGRÁFICO



CASTRO DE ELVIÑA E CONTORNO DESDE O SL





CASTRO DE ELVIÑA E CONTORNO DESDE O OESTE





CASTRO DE ELVIÑA EN RELACIÓN CO CAMPUS UNIVERSITARIO





DORSAL QUE SERVE DE LÍMITE Ó CONTORNO DE PROTECCIÓN
POLO NORTE



MONTE DO CASTELO QUE SERVE DE LÍMITE DO CONTORNO DE
PROTECCIÓN POLO SUL

RELACIÓN DE PARCELAS

8. RELACIÓN DE PARCELAS

DISEMINADAS E RÚSTICAS

CASTRO DE ELVIÑA

POLÍGONO 6: 432, 433, 434, 435, 436, 437, 438, 439, 440, 441, 442, 443, 444, 445, 446, 447, 448, 449, 450, 451, 452, 453, 454, 455, 456, 457, 458, 459 a, 459 b, 460, 461, 462, 463, 464, 465, 466, 467, 468, 469, 470, 471, 472, 473, 474, 475, 476, 477, 478, 479, 480, 481, 482, 483, 484, 696, 697, 698, 699, 700, 701, 701, 703 a, 703 b, e 704.

POLÍGONO 7: 349, 350, 351, 352, 353, 356, 355, 356 a, 356 b, 357 a, 357 b, 358 a, 358 b, 359, 360, 361 a, 361 b, 362, 363, 364, 365 e 366.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

POLÍGONO 6: 485, 486, 487, 488, 489, 490, 491, 492, 493, 494, 495, 496, 497, 678, 679, 680, 681, 682, 683, 684, 685, 686, 687, 688, 689, 690, 691, 692, 693, 694, 695, 705, 706, 707 a, 707 b, 708 a, 708 b, 709, 710, 711, 712, 713, 714, 715, 716, 717, 718, 719, 720, 721, 722, 723, 724, 725, 726, 727, 728, 729, 730 e 731.

POLÍGONO 7: 139, 140, 141, 142, 143, 144, 145, 146, 147, 148, 149, 150, 151, 152, 153, 154, 155, 156, 157, 158, 159, 160, 161, 162, 163, 164, 165, 166, 167, 168, 169, 170, 171, 172, 173, 174, 175, 176, 177, 178, 179, 297, 298, 299, 300, 301, 302, 303, 304, 305, 306, 307, 308, 309, 310, 311, 312, 313, 314, 315, 316, 317, 318, 319, 320, 321, 322, 323, 324, 325, 326, 327, 328, 329, 330, 331, 332, 333, 334, 335, 336, 337, 338, 339, 340, 341, 367, 368, 369, 370, 371, 372, 373, 374, 375, 376 a, 376 b, 377, 378, 379, 380, 381, 382, 383, 384, 385, 386, 387, 388, 389, 940, 941, 942, 943, 944, 945, 946 e 954.

URBANAS

CONTORNO DE PROTECCIÓN

POLÍGONO 6: 229, 230, 233, 234, 376, 377, 383, 384, 385, 386, 387, 388, 389, 390, 391, 392, 393, 394, 395, 396, 397, 398, 399 a, 399 b, 400 a, 400 b, 401, 402, 403, 404, 405, 406, 407, 408, 409, 410, 411, 412, 413, 414, 415, 416, 417, 418, 419, 420 a, 420 b, 421 a, 421 b, 422 a, 422 b, 423 a, 423 b, 424, 425, 426, 427, 428, 429, 430 e 431.

POLÍGONO 7: 107, 108, 109 e 139.